

CON QUE RECURSOS OS ATENDEMOS


Outra consecuencia clara e directa da Crise para unha entidade como a nosa é o seu impacto nos fondos propios.

Como se comentaba anteriormente estase realizando un importante esforzo económico para dar resposta á avalancha de demandas que se nos están presentando sen deixar de prever as que se irán presentando a medio e longo prazo.


A situación económica actual da nosa Entidade, pola previsión efectuada en anos anteriores, ao abeiro da Lei do Mecenado que nos rexe, encóntrase nun estado relativamente estable para varios anos. Pero, nun futuro, de non mediar algo extraordinario, veriámonos nunha situación delicada para facer fronte ás necesidades que se nos presentan, derivadas desta actual crise, que se estima prolongada.

Neste sentido, facemos unha chamamento á solidariedade de toda a Diocese e a tódolos axentes sociais e económicos, situados nela, co fin de poder atender o incremento previsible de persoas afectadas, que sen dúbida se nos producirán nos próximos anos demandando axuda.

Necesitamos concienciar á comunidade da necesidade e urxencia de ser máis para seguir atendendo aos máis vulnerables da nosa sociedade.



Ingresos do ano 2008



Gastos do ano 2008

A crise aféctanos a todos: aos que sofren as súas consecuencias en primeira persoa (desemprego, necesidades económicas etc...), ás entidades como Cáritas que traballamos día a día por paliar estas situacións e tamén ás administracións públicas que se ven desbordadas e sen capacidade de dar respostas reais e adaptadas ás necesidades da cidadanía.

En moitos casos Cáritas está cubrindo algúns baleiros que a propia administración local, autonómica ou estatal deberían cubrir.

Cáritas, que debe complementar o traballo dos servizos sociais públicos, non pode substituír a responsabilidade das administracións neste campo.

Sen embargo, a realidade nos di que, debido á escaseza de recursos na Administración, aos criterios e prioridades aplicadas, á súa lentitude, tanto en citas coma en tramitacións de axudas, fan que as persoas que teñen necesidades, nalgúns casos, nolas deriven -noutros veñen elas directamente- aos nosos servizos de acollida, cargando á nosa Entidade cunha responsabilidade difícil de levar a cabo.

Por isto e o anteriormente comentado necesitamos de TI para entre todos e todas seguir adiante, en axuda do necesitado.